

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

EDICTO do 8 de outubro de 2013, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte veciñal en man común A Cruz e trinta e nove máis, a favor dos veciños da parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar no 3 de outubro de 2013, adoptou a seguinte resolución:

«Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado A Cruz e 39 máis, solicitada polos veciños da parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín (Ourense) resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. Con data do 20 de abril de 2011 tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Alcouce, Cinseiro, Sobrado, Vilasuxá e Riocabe, parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín (Ourense), en que solicitan ao seu favor a clasificación como veciñal en man común do devandito monte.

Segundo. Con data do 10 de decembro de 2012, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.



Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Nogueira de Ramuín.

Denominación do monte: A Cruz e 39 máis.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Alcouce, Cinseiro, Sobrado, Vilasuxá e Riocabe, parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal).

Superficie: 173,22 hectáreas que, segundo o informe técnico do Servizo de Montes, están distribuídas nas seguintes parcelas:

1. O Viso, que comprende as parcelas 568, 580, 586, 618, 679 e 1112 do polígono 1, e 594, 837 e 839 do polígono 5.
2. As Tapadas, que comprende as parcelas 344, 345, 346, 354, 357 e 358 do polígono 30, e 60, 66 e 94 do polígono 31.
3. A Cruz, que comprende as parcelas 73, 77 e 78 do polígono 30.
4. Agra do Medio 1, que comprende a parcela 179 do polígono 5.
5. Agra do Medio 2, que comprende a parcela 183 do polígono 5.
6. As Barxas, que comprende a parcela 160 do polígono 31.
7. As Barxas 2, que comprende a parcela 167 do polígono 31.
8. As Lameiras, que comprende a parcela 1064 do polígono 29.
9. As Lameiras 2, que comprende a parcela 1070 do polígono 29.
10. Carballeira, que comprende a parcela 856 do polígono 29.
11. Os Rabechos, que comprende as parcelas 775, 781 e 896 do polígono 29.

CVE-DOG: nbu7ice3-s1k1-ym07-yyj0-ztbc2qwukpw3



12. Baldomar, que comprende a parcela 227 do polígono 36.

13. Cabanas, que comprende a parcela 156 do polígono 34.

14. Casarello, que comprende as parcelas 295, 399, 300, 312, 991, 992, 993, 994, 995, 996 e 997 do polígono 7.

15. Celeirós, que comprende as parcelas 699, 702, 912 e 913 do polígono 7.

16. Cortiñas, que comprende a parcela 971 do polígono 29.

17. Costa, que comprende a parcela 1156, 1407 e 1409 do polígono 29.

18. Cotarón, que comprende a parcela 53 do polígono 5.

19. Figueiredo, que comprende a parcela 641 do polígono 1.

20. Figueiredo 2, que comprende a parcela 39 do polígono 2.

21. Fiscal, que comprende a parcela 492 do polígono 2.

22. Fonte Gándara, que comprende a parcela 1517 do polígono 29.

23. Lameiriños, que comprende a parcela 2260 do polígono 29.

24. Mormeiral, que comprende a parcela 7 do polígono 29.

25. Mormeiral 2, que comprende a parcela 10 do polígono 29.

26. Mormeiral 3, que comprende a parcela 151 do polígono 29.

27. O Valiño, que comprende as parcelas 172 e 174 do polígono 30.

28. Os Muíños, que comprende as parcelas 411, 412, 413 e camiños do polígono 1.

29. Pedra Ancha, que comprende a parcela 29 do polígono 7.

30. Pena Redonda, que comprende a parcela 341 do polígono 30.

31. Picota, que comprende a parcela 1494 do polígono 29.



32. Portocabaleiros, que comprende a parcela 2114 do polígono 29.
33. Río Cabe, que comprende a parcela 984 do polígono 7.
34. Río Cabe 2, que comprende as parcelas 508 e 509 do polígono 29.
35. Solveira, que comprende a parcela 375 do polígono 5.
36. Soutelo, que comprende a parcela 624 do polígono 5.
37. Taradela, que comprende a parcela 58 do polígono 34.
38. Taraxela, que comprende a parcela 131 do polígono 5.
39. Vilares, que comprende as parcelas 1140 e 1148 do polígono 29.

As estremas correspondentes ás parcelas enumeradas recóllense no expediente obxecto da clasificación, que se atopa no Servizo Xurídico-Administrativo da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar de Ourense e no Concello de Nogueira de Ramuín, a dispor dos interesados.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas os membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese



aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Alcouce, Cinseiro, Sobrado, Vilasuxá e Riocabe, parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín (Ourense) o monte denominado A Cruz e 39 máis, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Ourense, 8 de outubro de 2013

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: nbu7ice3-s1k1-ymo7-yyj0-ztbc2qwukpw3



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

CORRECCIÓN de erros. Edicto do 8 de outubro de 2013, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte veciñal en man común A Cruz e trinta e nove máis, a favor dos veciños da parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín.


Advertidos erros no mencionado anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 205, do venres, 25 de outubro de 2013, é preciso publicar a seguinte corrección:

– Na páxina 42200, no punto cuarto, onde di: «Casarello, que comprende as parcelas 295, 399, 300, 312, 991, 992, 993, 994, 995, 996 e 997 do polígono 7. 18. Cotarón, que comprende a parcela 53 do polígono 5»; debe dicir: «Parcela número 14. Casarello, que comprende as parcelas 295, 299, 300, 312, 991, 992, 993, 994, 995, 996 e 997 do polígono 7. 18. Cotarón, que comprende a parcela 83 do polígono 5».

– Na páxina 42201, a continuación de: «39. Vilares...», falta engadir: «40. Vilasuxá, que comprende a parcela catastral número 10 do polígono 1».

CVE-DOG: ntxtptq9-09h5-0w93-5yd3-yvhsz0jnwwe0





PLANO PARA A CLASIFICACIÓN, COMO MONTE VECIÑAL EN MAN CONÚN, DO DENOMINADO "A CRUZ E 39 MÁIS", PERTENCENTE Á PARROQUIA DE MOURA (EXCEPTO MONTEVERDE E FISCAL), NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

ESCALA 1:5.000. PROYECCIÓN UTM, FUSO 29 N. DATUM ED50. FOLLAS TOPOGRÁFICAS DIXITAIS NÚMEROS 188-33, 188-34, 188-43, 188-44, 188-53 E 188-54, DA XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR. XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE. SERVIZO DE MONTES

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANUNCIO do 11 de xuño de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa ao deslindamento entre as comunidades de montes veciñais en man común de Monte do Rego e Parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), no concello de Nogueira de Ramuín.

«Examinada a solicitude de conciliación formulada polas CMVMC Monte do Rego e a CMVMC Parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 2 de decembro de 2013 o presidente das CMVMC Monte do Rego e da CMVMC Parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal), ambas do concello de Nogueira de Ramuín, solicitou a aprobación dun deslindamento realizado entre ambas as comunidades. Os interesados achegaron coa solicitude a acta de conciliación realizada ante o xulgado de paz, certificacións de aprobación do deslindamento polas respectivas asembleas e planos.

Segundo. Con data do 4 de abril de 2014 o Servizo de Montes informou de que a documentación achegada cumpre as exixencias previstas no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e que o deslindamento realizado establece o límite entre ambos os dous montes dun xeito claro e inequívoco.

Terceiro. Na acta de conciliación descríbense os lindes entre os montes da maneira seguinte:

Denominación	Coordenadas UTM (FUSO 299: (X,Y)
Punto nº 1	607138.10 4698513.72
Punto nº 2	605741.19 4697835.22
Punto nº 3	605630.97 4697743.91

O deslindamento coa CMVMC Monte do Rego será pola imaxinaria que enlaza os anteditos puntos ata chegar á estrada.

Quedan aproximadamente coas seguintes superficies:

CMVMC Parroquia de Moura (salvo Monteverde e Fiscal): 250 hectáreas.

CMVMC Monte do Rego: 48 hectáreas.



Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se seguirá no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o xurado provincial de montes en man común, de acordo co informe favorable do Servizo de Montes do 4 de abril de 2014, acordou por unanimidade o día 3 de xuño de 2015:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas CMVMC Monte do Rego e da CMVMC Parroquia de Moura (agás Monteverde e Fiscal) ambas do concello de Nogueira de Ramuín, de acordo co exposto no feito terceiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Ourense, 11 de xuño de 2015

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: cp9ubdi6-thg8-sq67-31e9-5yckbl0mrqe1

